

**Resolución pola que se publica o resultado da convocatoria de subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo) da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2020 e 2021, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.**

GDR 03 Asociación de Desenvolvemento Rural Montes e Vales Orientais

**Convocatoria 2020-2021: proxectos produtivos/non produtivos públicos/non produtivos privados**

Mediante o Acordo do Consello de Dirección da Agader do 13 de decembro de 2019 aprobáronse as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, cofinanciadas con Feader (DOG nº 246) e mediante a Resolución do 18 de decembro de 2019 do director xeral da Agader, convocáronse, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo), para as anualidades 2020 e 2021 (DOG núm. 247).

Para o financiamento desta convocatoria, prevíase que no ano 2020 disporíase de 3.302.990,00 € con cargo ás aplicacións orzamentarias da Agader 14.A1.712A.7600, 14.A1.712A.7700 e 14.A1.712A.7810 (aplicación orzamentaria 14.04.712A.732.09 da Consellería do Medio Rural, proxecto 2016-00221 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural).

Para atender os compromisos derivados desta convocatoria con cargo á anualidade 2021, prevese un importe de 3.302.990,00 €, que se imputarán con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia da citada anualidade 2021.

O artigo 17.6 das bases reguladoras das citadas subvencións establece que as subvencións concedidas ao abeiro destas bases reguladoras publicaranse no DOG, así coma no taboleiro de anuncios da sede da Agader (lugar da Barcia, nº56, Laraño, 15897 Santiago de Compostela), na web do GDR e na web da Agader (<http://agader.xunta.gal>).

Ademais, a resolución notificarase individualmente a cada interesado, remitíndolle unha copia ao GDR.

Tendo en conta que:

- Que a competencia para resolver sobre a concesión das axudas correspóndelle a persoa titular da Dirección Xeral de Agader en virtude do artigo 17 do acordo do Consello de Dirección de Agader do 13/12/19.
- Existe dispoñibilidade financeira para as axudas que se propoñen.
- Existe coherencia coa proposta da Xunta directiva do GDR do 29/07/2020
- Existe coherencia cos informes proposta das resolucións individuais, emitidos polo subdirector de Relacións cos GDR

**RESOLVO QUE SE PUBLIQUE O RESULTADO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS SEGUNDO SE INDICA NOS PUNTOS SEGUINTE:**



- 1) Establecer a listaxe de proxectos seleccionados: produtivos (anexo I), non produtivos promovidos por entidades públicas locais (anexo II) e non produtivos promovidos por entidades privadas (anexo III).
- 2) Establecer a listaxe de proxectos en situación de lista de agarda para proxectos produtivos (anexo IV) e produtivos promovidos por entidades privadas (anexo V)
- 3) Establecer a listaxe de proxectos para os que se lle denega a axuda.



### ANEXO I: PROXECTOS PRODUTIVOS CON AXUDA CONCEDIDA

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Porcentaxe de axuda (%)	IMPORTE AXUDA 2020	IMPORTE AXUDA 2021	Puntuación segundo o baremo
L20 1920 03 0169	Unha estratexia integral para o Sabor dos Ancares	S.C.G. Carqueixa	40.000,00	50,00%	11.400,00	8.600,00	82,00
L20 1920 03 0155	Apertura de Obradoiro de Pan ecolóxico en Ernes	Usoa Areitio Blasco	59.873,26	50,00%	17.063,88	12.872,75	72,00
L20 1920 03 0180	ESTABLECEMENTO DE TURISMO RURAL CABANAS DE ANCARES	JIMENA SANTALICES AMIGO	172.687,25	50,00%	49.215,87	37.127,76	69,75
L19 1920 03 0152	Sons do Eo: Apartamentos turísticos sostibles e experiencias de ocio e ecoturismo	Diana María Forero Morantes	51.010,33	50,00%	14.537,94	10.967,22	63,50
L20 1920 03 0172	Adecuación de local existente para implantación de centro de bienestar	LETICIA GUTIERREZ GONZALEZ	294.708,25	50,00%	93.992,85	53.361,27	57,50
L20 1920 03 0177	APERTURA DE APARTAMENTOS TURÍSTICOS VINCULADO A CENTRO BTT NO CAMIÑO PRIMITIVO	AMELIA LOPEZ NIÑO (*)	499.839,29	50,00%	23.660,90	50	57,00
					209.871,44	122.979,00	

(\*) Expediente con resolución parcial, ten 176.087,10 € sen adxudicar por falta de fondos na tipoloxía do proxecto



## ANEXO II: PROXECTOS NON PRODUCTIVOS ENTIDADES PUBLICAS LOCAIS CON AXUDA CONCEDIDA

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Porcentaxe de axuda (%)	IMPORTE AXUDA 2020	IMPORTE AXUDA 2021	Puntuación segundo o baremo
L20 1920 03 0163	Stands promocionais para feiras no concello de Navia de Suarna	Concello de Navia de Suarna	49.912,50	75,00%	25.081,03	12.353,34	49,00
L20 1920 03 0161	Recuperación de Fontes no concello de Navia de Suarna	Concello de Navia de Suarna	42.955,00	70,00%	20.145,90	9.922,60	44,00
L20 1920 03 0160	Proxecto de cuberta en Lavadoiro Público en Castelo-Becerreá	Concello de Becerreá	39.957,23	70,00%	18.739,94	9.230,12	42,00
L20 1920 03 0176	REFORMA DA CASA CONSISTORIAL, LOCAL SOCIAL MUNICIPAL	Concello de Baleira	9.982,50	70,00%	6.987,75	0,00	41,50
L20 1920 03 0164	HUMANIZACION DA ESTRADA LU 621 AO SEU PASO POR LANCARA	Concello de Láncara	100.405,78	70,00%	45.684,63	24.599,42	39,50
L20 1920 03 0171	Reforma de construción tradicional para local social municipal	Concello de Baleira	54.051,47	65,00%	23.188,08	11.945,37	38,50
L20 1920 03 0159	Acondicionamento de escola unitaria para local social en San Xurxo, Ribeira de Piquín	Concello de Ribeira de Piquín	38.437,96	65,00%	16.739,73	8.244,94	38,00
L20 1920 03 0156	Reforma antiga Casa Cosistirial para Museo	Concello da Fonsagrada (*)	205.814,73	50,00%	9.410,40	5.323,44	32,50
(*) Expediente con resolución parcial, ten 88.173,53 € sen adjudicar por falta de fondos na tipoloxía do proxecto					165.977,46	81.619,23	



### ANEXO III: PROXECTOS NON PRODUCTIVOS ENTIDADES PRIVADAS CON AXUDA CONCEDIDA

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Porcentaxe de axuda (%)	IMPORTE AXUDA 2020	IMPORTE AXUDA 2021	Puntuación segundo o baremo
L19 1920 03 0139	Creación dun xardín de polinizadores en Pena de Nogueira ( Lugo)	Asociación Corripa (*)	71.817,09	90,00%	12.738,50	14.523,06	63,00
					12.738,50	14.523,06	

(\*) Expediente con resolución parcial, ten 37.373,82 € sen adjudicar por falta de fondos na tipoloxía do proxecto



#### ANEXO IV : LISTA DE AGARDA PROXECTOS PRODUTIVOS

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Porcentaxe de axuda (%)	Puntuación segundo o baremo
L20 1920 03 0167	MODERNIZACIÓN E MELLORA DE ESTABLECEMENTO HOTELEIRO EXISTENTE EN NAVIA	ANA RIGUEIRO FERNANDEZ	62.138,49	50,00%	56,25
L20 1920 03 0173	Hotel Agrotaberna I+D	MESON PEDREIRA SL	242.100,69	50,00%	52,00
L20 1920 03 0162	Reforma e acondicionamento de edificio residencial para actividades de Pensión e Albergue	Jessica Díaz López	233.304,76	50,00%	51,00
L20 1920 03 0174	Diversificación de explotación agrícola para turismo activo e destino Startlight	ESTEFANIA LOPEZ VAZQUEZ	134.716,00	50,00%	51,00
L20 1920 03 0182	Reforma Local Hostelería	MARIA LUZ ALVAREZ DIAZ	11.868,72	45,00%	49,50
L19 1920 03 0151	Edificion Polivalente (Spa)	Casona de Labrada S.L	346.451,83	45,00%	47,50
L20 1920 03 0181	CONSTRUCCION DE EDIFICIO DESTINADO A PENSION DE DUAS ESTRELAS EN O CADAVO	EMERITA VAZQUEZ PEREIRA	419.258,85	45,00%	47,13
L20 1920 03 0179	Tantorio Velatorio	ANTONIO DIEZ DIAZ DE CAMPO	35.505,46	35,00%	35,00
L20 1920 03 0158	Adquisición sistema informático para automatización y gestión de central de hormigón	SUMINISTROS Y HORMIGONES PONTENOVA,SL	18.160,00	35,00%	32,50
L20 1920 03 0166	Acondicionamento de local comercial para uso de Notaría	ANA MARIA LOSADA FERNANDEZ	158.298,09	35,00%	31,00



### ANEXO V : LISTA DE AGARDA PROXECTOS NO PRODUTIVOS ENTIDADES PRIVADAS

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Porcentaxe de axuda (%)	Puntuación segundo o baremo
L20 1920 03 0170	Os cultivos de centeo para a restauración dos teitos nas pallozas	TEITOS DE PIORNEDO	30.820,00	80,00%	60,00
L20 1920 03 0168	Rehabilitación de edificación para local social en Vilaluz	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE VILALUZ	24.547,32	80,00%	52,50
L19 1920 03 0132	Ampliación Museo de A Fonsagrada	Asociación Museo Comarcal de A Fonsagrada	197.783,52	75,00%	50,50



## ANEXO VI: EXPEDIENTES CON DENEGACIÓN DA AXUDA

Número de expediente	Promotor	Motivo	Observacións
L20-1920-03-0153	Balbino Castro Gegunde	6	Non presenta a documentación requirida en prazo
L20 1920 03 0157	Concello de Negueira de Muñiz	6	Investimentos no elixibles por ser declarados de prestación obligatoria ou de reserva para as entidades públicas locais (artigo 5.1 m das bases reguladoras)

### Motivos:

1. A solicitude de axuda está incompleta (artigo 12 das bases reguladoras)
2. O promotor non cumpre os requisitos indicados nas bases reguladoras (artigo 3 das bases reguladoras)
3. Os gastos propostos no orzamento do proxecto non son subvencionables (artigo 5 das bases reguladoras)
4. O proxecto non é elixible ao abeiro das fichas de elixibilidade das bases reguladoras e/ou da estratexia do GDR.
5. O proxecto non acada a puntuación mínima ou de corte establecida no baremo do GDR.
6. Outras: especificar a causa no apartado de observacións

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interperse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da notificación. Tamén poderá interponerse calquera outro recurso que se estime oportuno.

Santiago de Compostela  
O Consello de Dirección de Agader  
(P.D.: Acordo do 13/12/2019)  
A directora xeral de Agader  
(Asinado electronicamente)  
Inés Santé Riveira

